



ACTA PLENO DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 08 DE XUÑO DO 2020.-

ASISTEN:

Sr. Alcalde:

Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo

Sres. Concelleiros:

Dna M^a Victoria Montenegro Paz.

Dna Olimpia Marcos García.

Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro.

Dna. Lucía Blanco García.

D, Luis Cendán Fernández.

D. Emilio Mesías Farías.

Dna. Cristina Cadena Freire

ASISTENCIA TELEMÁTICA- VIDEOLLAMADA

D. Marcos Carballo Sarmiento.

D. José Manuel Cendán Fernández

Dna. Josefina Martínez Martínez

AUSENCIAS XUSTIFICADAS

D. JOSÉ JUAN VILAR RICO

DNA. NOELIA MONTERO CANDAL

Sr. Secretario

D. Manuel Larrosa Rodriguez

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e cuarenta minutos do día oito de xuño do dous mil vinte, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia presencial e telemática dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario D. Manuel Larrosa Rodriguez.

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm.1.- Proposta modificación Ordenanza taxa ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras coa finalidade lucrativa (Dipos. Adicional).

Dáse conta da Proposta modificación Ordenanza taxa ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras coa finalidade lucrativa (Dipos. Adicional), que a continuación se transcribe;

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS E CADEIRAS COA FINALIDADE LUCRATIVA (28-12-1998 BOP N° 296) PARA A SUSPENSIÓN DA SÚA LIQUIDACIÓN NO EXERCIZO 2020

Como consecuencia da urxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, o Goberno de España declarou o estado de alarma en todo o territorio nacional mediante ou Real Decreto





463/2020, do 14 de marzo.

O impacto que está tendo esta situación de excepcionalidade abriga ás Administracións Públicas, a adoptar aquelas medidas tendentes a paliar os efectos que está sufrindo a nasa sociedade ante as consecuencias derivadas da crise económica provocada polo COVID.

O Concello de Ares, tendo en conta o impacto e reclamo que na economía local ten a hostalería, sector do que existen case 60 establecementos abertos ao público, asume o seu papel de fomento da reactivación económica incluíndo, como unha das liñas de axuda ao sector, a suspensión da aplicación da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras coa finalidade lucrativa durante o ano 2020 para os titulares de locais que cumpran unha serie de condicións.

Para isa *propónse a incorporación da seguinte disposición adicional na ordenanza fiscal que establece a taxa en vigor:*

" Por mor da pandemia derivada da COVID19 e as medidas excepcionais adoptadas en canto ás restricións de apertura de establecementos hosteleiros, derivadas do estado de alarma decretado en España, e co ánimo de reactivar a economía local aresá polo que respecta a este importante sector, suspéndese a liquidación desta taxa durante o ano 2020, para os obrigados tributarios que, solicitando a instalación de mesas e cadeiras segundo a ordenanza reguladora correspondente, cumpran os mesmos requisitos que son necesarios para poder ser beneficiarios das axudas directas a autónomos, microempresas e pemes convocadas polo Concello de Ares en xuño 2020.

O incumprimento polas persoas solicitantes dalgunha das condicións de outorgamento da instalación de terrazas (espazo ocupable, horario,...) poderá dar lugar á non aplicación desta suspensión da liquidación"

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que os puntos do orden do día xa foron ditaminados en comisión, o primeiro por unanimidade, o segundo tamén por unanimidade o terceiro coa abstención do PP e o cuarto coa abstención do BNG e por este orde tamén veñan na convocatoria do pleno de hoxe.

O punto número 1 é a proposta de ordenanza modificación Ordenanza taxa ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras coa finalidade lucrativa, na disposición adicional incluímos que non se vai a cobrar a terraza este ano, e foi ditaminado por unanimidade.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha intervención, non hai e polo tanto somete o punto a votación.

Sometida a votación a "Proposta Modificación Ordenanza taxa ocupación de terreos de uso publico con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa (Dispos. Adicional)" o Concello Pleno por unanimidade 11 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 2BNG, 3PP) acorda prestar a súa aprobación

Punto núm.2.- Proposta modificación Ordenanza fiscal nº7 reguladora da taxa por recollida do lixo (Dipos. Adicional)





Dáse conta da Proposta modificación Ordenanza fiscal nº7 reguladora da taxa por recollida do lixo (Dipos. Adicional) que a continuación se transcribe;

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 7, REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO (BOP núm. 296, 28-12-1998) PARA MINORAR O IMPORTE DO RECIBO ANUAL AOS ESTABLECEMENTOS AFECTADOS POLO PECHE DECRETADO POLO ESTADO DE ALARMA DERIVADO DA PANDEMIA COVID 19

Como consecuencia da urxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, o Goberno de España declarou o estado de alarma en todo o territorio nacional mediante ou Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo.

O impacto que está tendo esta situación de excepcionalidade abriga ás Administracións Públicas, a adoptar aquelas medidas tendentes a paliar os efectos que está sufrindo a nasa sociedade ante as consecuencias derivadas da crise económica provocada polo COVID.

O Concello de Ares, tendo en conta que dende o 14 de marzo os establecementos e negocios non declarados esenciais pecharon as súas portas como mínimo, ata o 4 de maio, non xeneraron residuos durante un período comprendido entre 2 ou 3 meses, cómpre minorar a taxa, axeitándoa á realidade deste ano 2020.

Para isa *propónse a incorporación da seguinte disposición adicional na ordenanza fiscal que establece a taxa en vigor* :

" Por mor da pandemia derivada da COVID19 e as medidas excepcionais adoptadas en canto ás restricións de apertura de establecementos e negocios, derivadas do estado de alarma decretado en España, os suxeitos obrigados contribuíntes nas modalidades fixadas nos parágrafos 3 e 4 do artigo 6 desta ordenanza, terán, na liquidación da taxa do lixo do ano 2020, un 25% de desconto (un trimestre), quedando como segue:

A.- Establecemento de restauración: Cuota ordinaria anual 208,77 €
Cuota 2020: 156,58 €

B.- Resto dos locais, comerciais, industriais e de servicios non comprendidos nos epígrafes anteriores:

Cuota ordinaria anual: 189,02 €
Cuota 2020: 141,77 €

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que neste punto tamén hai que incluír na disposición adicional non pasar ao cobro o trimestre dende o 14 de marzo e polo tanto facer un 25% de desconto, este punto tamén ten ditame unánime favorable.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha intervención, non hai e polo tanto somete o punto a votación.





Sometida a votación a “Proposta Modificación Ordenanza Fiscal N°7 reguladora da taxa pola recollida do lixo (Dispos. Adicional)” o Concello Pleno por unanimidade 11 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 2BNG, 3PP) acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm.3.- Aprobación se procede das Bases Reguladoras e convocatoria da primeira liña de subvencións dirixida a autónomos, pemes e micropemes para a protección do emprego da actividade económica do Concelo de Ares no marco da crise sanitaria do COVID-19.

Dáse conta das “BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DA PRIMEIRA LIÑA DE AXUDAS DIRIXIDA A AUTÓNOMOS, PEMES E MICROPEMES PARA A PROTECCIÓN DO EMPREGO E DA ACTIVIDADE ECONÓMICA DO CONCELLO DE ARES NO MARCO DA CRISE SANITARIA DO COVID-19, que a continuación se transcriben;

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DA PRIMEIRA LIÑA DE AXUDAS DIRIXIDA A AUTÓNOMOS, PEMES E MICROPEMES PARA A PROTECCIÓN DO EMPREGO E DA ACTIVIDADE ECONÓMICA DO CONCELLO DE ARES NO MARCO DA CRISE SANITARIA DO COVID-19

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como consecuencia dá urxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, o Goberno de España declarou o estado de alarma en todo o territorio nacional mediante ou Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo.

O impacto que está tendo esta situación de excepcionalidade obriga ás Administracións Públicas, a adoptar aquelas medidas tendentes a paliar os efectos que está sufrindo a nosa sociedade ante as consecuencias derivadas da crise económica provocada polo COVID.

O Concello de Ares, por medio desta convocatoria establece un instrumento de axuda para protexer o interese xeral dos veciños e veciñas de Ares, actuando directamente sobre os colectivos e as persoas físicas e xurídicas máis afectadas, como autónomos e pemes, traballadores e familias que viron reducidos de xeito drástico os seus ingresos e evitando na medida do posible o peche definitivo dos seus negocios e a destrución de empregos para que, unha vez finalizada a alarma sanitaria, se produza canto antes unha reactivación da economía.

Base PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade.

Ten por obxecto establecer as normas específicas polas que se rexerá a convocatoria pública das axudas e subvencións **directas** (engadidas a outras indirectas) para paliar e actuar de maneira inmediata, ante as consecuencias derivadas da crise económica provocada polo COVID- 19 e impulsar a actividade económica no termo municipal de Ares, outorgando liquidez ás empresas da cidade para contribuír a facilitar o cumprimento das súas obrigas empresariais, mantemento da actividade e emprego e amortecer a redución drástica de ingresos.

O financiamento destas axudas efectuaranse con cargo aos orzamentos municipais do exercicio 2020 na aplicación orzamentaria: 433.4790.

No caso de que finalizado o prazo de solicitude se tiveran presentado un número de solicitudes para o que non foran dabondo as contías inicialmente consignadas, poderanse ampliar os créditos ata a cobertura do maior número delas posible.





Resoltos os expedientes presentados no prazo establecido nesta convocatoria e non téndose esgotado o crédito establecido na mesma, poderase acordar a realización dunha segunda convocatoria destas axudas, ditando ao efecto, as normas necesarias para a súa execución dentro do exercicio 2020.

Base SEGUNDA.- Réxime xurídico

O marco normativo está constituído polas seguintes leis e disposicións legais que se nomean a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como cantas outras normas legais ou regulamentarias, conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no devandito ámbito:

- Lei 7/1985, do 2 e abril, reguladora das bases de réxime local e RD 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento orgánico de funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións xunto co RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A xestión destas subvencións suxeitarase aos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como á eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

A súa tramitación realizarase **por medios electrónicos** en aplicación do disposto no artigo 14.3 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As persoas solicitantes que non estean obrigados aínda a relacionarse por medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán presentalas no rexistro xeral do Concello, de 9 a 13 de luns a venres.

Base TERCEIRA.- Crédito orzamentario.

A contía destinada a atender esta liña de subvencións ascende a un importe total **de 40.000 euros**.

Base CUARTA.- Contía da Subvención e gastos subvencionables

1.- Concederase unha contía fixa de **350 euros** para persoas físicas e xurídicas con ou sen traballadores ao seu cargo cando a actividade que desenvolvan se tivese visto afectada polo peche de establecementos disposto no RD 463/2020 do 14 de marzo.

2.- Concederase igualmente unha contía fixa de **350 euros** a aquelas persoas físicas e xurídicas con ou sen traballadores ao seu cargo que, pese a que non se viron afectados polo peche de





establecementos segundo o disposto RD 463/2020 de 14 de marzo, só tiñan permitido atender situacións de urxencia ou de determinados colectivos, e que, debido a esta circunstancia, sufriron unha redución da súa facturación no mes anterior á solicitude desta subvención de polo menos o 75%, en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma.

Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade.

3.- Consideráse gastos subvencionables nesta liña de axudas :

a- *Alugueiro do local*

b.- *Cotas de autónomos non asumidas polo Estado*

c.- *Gastos de implementación de medidas de seguridade e hixiene asociadas á COVID19.*

4.- No caso de que, tras resolver todas as solicitudes presentadas así como os recursos recollidos nestas bases e que teñan que ser resoltos polo propio Concello, existise remanente da partida de 40.000 € orzamentada, éste repartirase de xeito proporcional entre as solicitudes que resultaron beneficiarias desta axuda.

Base QUINTA.- Solicitantes, requisitos e obrigas para solicitar a subvención:

1.- Poderán solicitar esta subvención aquelas persoas físicas ou xurídicas, así como as comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica, legalmente constituídas que leven a cabo as actividades empresariais que motivan a concesión da subvención e que cumpran os seguintes requisitos:

A) Que a actividade económica sexa desenvolvida por unha persoa autónoma, unha microempresa ou pequena empresa.

A microempresa e as pequenas empresas son aquelas definidas conforme Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014.

B) Que se atope nunha das seguintes situacións:

- Que a actividade que desenvolve se tivese visto afectada polo peche de establecementos disposto no RD 463/2020 do 14 de marzo.

- Que a actividade, pese a que non se vira afectada polo peche de establecementos segundo o disposto RD 463/2020 de 14 de marzo, só tiña permitido atender situacións de urxencia ou de determinados colectivos, e que, debido a esta circunstancia, sufriron unha redución da súa facturación no mes anterior á solicitude desta subvención de polo menos o 75%, en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma

Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade. Este requisito xustificarse a través dunha declaración xurada que acompañará á instancia presentada e xunto coa documentación requirida na Base 8..





- C) Que a actividade afectada polo peche do establecemento disposta polo estado de alarma non se viu compensada por un incremento da facturación mediante un incremento do volume de negocio online ou telefónico dá persoa solicitante.
- D) Estar dado de alta no réxime da Seguridade Social ou na Mutua profesional correspondente e en Facenda, no momento da presentación da instancia.
- E) Que o local de desenvolvemento da actividade se atopen no termo municipal de Ares e teñan concedida a correspondente licenza municipal de actividade.

A licenza de actividade deberá estar concedida no momento da presentación da solicitude, ou, en todo caso, antes da resolución de pagamento da subvención, como condición sine qua non.

- F) Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e non contravir o regulado no art. 14 da nomeada lei, e en particular, estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda estatal (AEAT) e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TGSS) e coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA)
Únicamente a efectos de estas bases e convocatoria entenderáse que non se teñen débedas esixibles cando estea en vigor un plan de pagos aceptado por estas entidades estatais e autonómicas sobre as débedas que presente o solicitante e que éste se estea cumprindo.

Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude até a data do pagamento da subvención, no seu caso.

- G) Non ter débedas esixibles co Concello de Ares . Este requisito verificarase de oficio pola Administración e debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude até a data do pagamento da subvención, no seu caso. Únicamente a efectos de estas bases e convocatoria entenderáse que non se teñen débedas esixibles cando estea en vigor un plan de pagos aceptado polo concello sobre as débedas que presente o solicitante e que éste se estea cumprindo.
- H) Ter xustificado calquera subvención que lle fose concedida con anterioridade polo Concello de Ares sempre que tivese finalizado o correspondente prazo de xustificación.
- I) En caso de comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica debe nomearse un representante apoderado, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que corresponden á agrupación ou comunidade de bens. Así mesmo, e nos termos previstos no artigo 11.3 LXS, a agrupación ou comunidade de bens non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición a que fan referencia os artigos 39 e 65 LXS. Así mesmo, en caso de concesión da subvención, a resolución conterà as porcentaxes de participación das persoas integrantes na entidade beneficiaria, en función dos cales participarán nos dereitos e obrigas derivados do outorgamento da subvención, e no seu caso, do seu reintegro.

2.- Quedan excluídas as administracións públicas, os seus organismos autónomos, as empresas públicas e outros entes públicos, así como as asociacións, fundacións e, en xeral, entidades sen ánimo de lucro así como o persoal autónomo colaborador.





3.- En ningún caso o importe da subvención unido ao doutras posibles subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado poderá superar a diminución de ingresos da actividade como consecuencia da crise provocada polo coronavirus.

4.- Só se concederá unha subvención por establecemento/negocio, independentemente do número de autónomos asociados á titularidade deste.

Base SEXTA.- Concorrenca con outras subvencións

Por tratarse de subvencións sometidas ao réxime de minimis, establecido no Regulamento (UE) 1407/2013, de 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L352 de 24.12.2013), non poderán concederse a empresas dos seguintes sectores:

a) Pesca e acuicultura, segundo se contempla no Regulamento (UE) 1379/2013 que establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura

b) Produción primaria de produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do Tratado.

c) Empresas que operan no sector da transformación e comercialización de produtos agrícolas, nos casos seguintes:

i.Cando o importe da axuda se determine en función do prezo ou da cantidade de produtos deste tipo adquiridos a produtores primarios ou comercializados polas empresas interesadas.

ii.Cando a axuda estea supeditada a que unha parte ou a totalidade da mesma se repercuta aos produtores primarios.

d) Actividades relacionadas coa exportación a terceiros países ou estados membros cando a axuda estea vinculada ao establecemento e a explotación dunha rede de distribución ou a outros gastos correntes vinculados á actividade exportadora.

e) Axudas condicionadas á utilización de produtos nacionais en lugar de importados.

En ningún caso, as axudas poderán superar o importe máximo total de axuda de minimis, actualmente establecido en 200.000 euros durante un período de tres exercicios fiscais para una mesma empresa, nin individualmente, nin como resultado da acumulación con outras axudas de minimis concedidas á mesma empresa, conforme establece o Regulamento (UE) N° 1407/2013 da Comisión, ou con outro tipo de axudas suxeitas ás regras comunitarias de axudas de Estado.

Aos efectos do disposto no parágrafo anterior enténdese por “empresa” calquera entidade que exerza unha actividade económica, con independencia da súa natureza xurídica e do seu modo de financiamento.

Esta axuda é incompatible con outras da mesma ou similar natureza convocadas por outros concellos.





En caso de resultar beneficiaria dunha subvención ao abeiro da presente convocatoria e con posterioridade resultar beneficiaria doutra subvención incompatible coa mesma, poderase renunciar á subvención concedida polo Concello de Ares, reintegrando o importe percibido e aboando ademais os correspondentes xuros de mora xerados, tal e como se establece na Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e demais normativa aplicable

Base SÉTIMA.- Prazo e forma de presentación de solicitudes

Forma: As solicitudes deberán dirixirse ao departamento de Promoción Económica e Emprego e deberán presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos a través da Sede Electrónica do Concello de Ares: - <https://ares.sedelectronica.es/>

As persoas solicitantes que non estean obrigados aínda a relacionarse por medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán presentalas no rexistro xeral do Concello, de 9 a 13 de luns a venres.

Prazo: 20 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP de conformidade co procedemento establecido no art. 20.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As solicitudes deberán formularse no MODELO DE SOLICITUDE NORMALIZADO para a obtención das subvencións que se poderán descargar na web do Concello de Ares (<https://ares.sedelectronica.es/>) e deberán acompañarse da documentación complementaria.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación incondicionada das presentes bases reguladoras.

Será causa de exclusión a presentación de solicitude de subvención fora do prazo establecido.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma, o órgano competente requirirá ao interesado para que a emende no prazo de 5 días, indicándolle que de non realizarse terase por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previsto no art. 21 da Lei 39/2015 de PAC.

Documentación:

1.Solicitude (segundo modelo normalizado) que deberá estar asinada pola persoa interesada ou o seu representante legal

2.Documentación complementaria (acompañando á solicitude):

2.1 No caso de persoas físicas:

a)DNI polas dúas caras ou NIE acompañado do pasaporte.

b)Certificado actualizado de Situación Censual que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e no seu caso o do local de desenvolvemento da actividade.

c)Resolución/certificación do alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou a Mutua profesional correspondente.





d) Licenza municipal de actividade.

e) Designación da conta bancaria na que se efectuará o ingreso da subvención.

f) Naqueles casos nos que pese a que non se viron afectados polo peche de establecementos segundo o disposto RD 463/2020 de 14 de marzo, só tiñan permitido atender situacións de urxencia ou de determinados colectivos, e que, debido a esta circunstancia, sufriron unha redución da súa facturación no mes anterior á solicitude desta subvención de polo menos o 75%, en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma,, deberán acreditar esta redución mediante a presentación da declaración xurada á que se refiren a Base 6.1.c)ii. e que figura no apartado 2.3 de documentación, acompañado da seguinte información contable que o xustifique desde os 6 meses previos á declaración do estado de alarma (14 de marzo de 2020) até a data de presentación da solicitude de subvención:

i. Copia do libro de rexistro de facturas

ii. Ou libro diario de ingresos e gastos

iii. Ou libro rexistro de vendas e ingresos e libro de compras e gastos.

Cando a persoa física non este obrigada a levar os anteditos libros que acreditan o volume de actividade, deberán acreditar a redución polo menos do 75% esixida por calquera medio de proba admitido en dereito.

Cando a persoa física non leve de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade.

2.2 No caso de persoas xurídicas, sociedades civís, comunidades de bens u outras entidades económicas sen personalidade xurídica:

a) NIF da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.

b) Certificado actualizado de Situación Censual da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica que indiquea actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e no seu caso o local de desenvolvemento da actividade.

c) Contrato de constitución da sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.

d) Escritura de constitución e os estatutos da persoa xurídica actualizados, inscritos no correspondente Rexistro.

e) Acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma persoa.





f) DNI polas dúas caras ou NIE da persoa administradora e da persoa que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma.

g) Alta no réxime da Seguridade social correspondente da persoa administradora.

h) Licenza municipal de actividade.

i) Designación da conta bancaria na que se efectuarán o ingreso da subvención.

l) Naqueles casos nos que pese a que non se viron afectados polo peche de establecementos segundo o disposto RD 463/2020 de 14 de marzo, só tiñan permitido atender situacións de urxencia ou de determinados colectivos, e que, debido a esta circunstancia, sufriron unha redución da súa facturación no mes anterior á solicitude desta subvención de polo menos o 75%, en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma, deberán acreditar esta redución mediante a presentación da declaración xurada á que se refiren a Base 6.1.c)ii. e que figura no apartado 2.3 de Documentación, acompañado da seguinte información contable que o xustifique desde os 6 meses previos á declaración do estado de alarma (14 de marzo de 2020) até a data de presentación da solicitude de subvención:

i. Copia do libro de rexistro de facturas

ii. Ou libro diario de ingresos e gastos

iii. Ou libro rexistro de vendas e ingresos e libro de compras e gastos.

Cando a persoa física non este obrigada a levar os anteditos libros que acreditan o volume de actividade, deberán acreditar a redución polo menos do 75% esixida por calquera medio de proba admitido en dereito.

Cando a persoa física non leve de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade.

3. Declaración responsable asinada pola persoa interesada ou representante legal ou apoderado da persoa ou entidade solicitante que conterà o pronunciamiento expreso sobre as seguintes cuestións:

-Que a actividade desenvolvida viuse afectada polo peche de establecementos disposto RD 465/2020 de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo ou, non sendo este o caso, que a actividade desenvolvida sufriu unha redución da facturación no mes anterior á solicitude desta subvención de polo menos o 75%, en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma, ou en caso de non levar de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, durante o período de alta.

-Que a actividade afectada polo peche do establecemento disposta polo estado de alarma non se viu compensada por un incremento da facturación mediante un incremento do volume de negocio online ou telefónico da persoa solicitante.





-Que a persoa solicitante reúne os requisitos para ser microempresa ou pequena empresa de conformidade co Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014.

-Que a persoa solicitante comprométese a declarar as axudas de minimis que lle foron concedidas por calquera proxecto durante o tres últimos exercicios fiscais, con indicación de importe, organismo, data de concesión e réxime de axudas en que se ampara, ou, no seu caso, declaración de non recibir ningunha; así como compromiso de comunicar o máis axiña posible as obtidas con posterioridade á presentación da solicitude.

-Que a persoa solicitante comprométese á comunicación de subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar o máis axiña posible as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da resolución da mesma.

-Que en caso de tratarse dunha comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica non se disolverá ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 de devandita lei.

4.Certificados de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), fronte á Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TXSS).

No caso de que a persoa física, xurídica, comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade sen personalidade xurídica, que realice a solicitude de subvención tivese concedido un adiamento/fraccionamento de débedas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria ou coa Tesouraría Municipal, deberá presentar coa solicitude, a resolución de concesión do mesmo xunto ao último certificado de carecer de débedas posterior á concesión do adiamento.

Base OITAVA.- Procedemento e instrución do procedemento.

1.- A concesión da subvención regulada nesta convocatoria, realizarase de acordo co establecido nos artigos 22.1 e 23 a 27 da LXS.

Instrución:

Os técnicos do departamento de Desenvolvemento Local serán os órganos instrutores do procedemento. Encargaranse de revisar os expedientes de solicitude e verificarán que conteñan toda a documentación esixida, elevando á Comisión a proposta de solicitudes que, atendendo a estas bases, cumpren os requisitos para ser beneficiarios da subvención.

Nomearase unha Comisión de valoración, encargada da avaliación individual das solicitudes e emitirá un informe no que se concretará o resultado da mesma.

Para estes efectos a Comisión de valoración estará composta polos seguintes membros:





Presidencia: Alcalde, concelleiro de Facenda

Vogais:

A concelleira delegada de Turismo e comercio

A concelleira delegada de Urbanismo

A concelleira delegada de Emprego

O voceiro do grupo municipal NAL

O voceiro do grupo municipal PP

O voceiro do grupo municipal BNG

Secretaría da comisión avaliadora (con voz pero sen voto): secretario municipal ou funcionario en quen delegue.

A comisión, para o desenvolvemento do seu traballo, poderá solicitar en calquera momento, a aclaración ou asesoramento dos técnicos do departamento de Desenvolvemento Local.

Procedemento de concesión:

Realizarase a través de convocatoria pública, seguindo o procedemento de concorrencia non competitiva, en réxime de avaliación individualizada, comprobando que os solicitantes cumpren coa totalidade dos requisitos establecidos e tamén coa documentación recollida nas bases reguladoras e na súa convocatoria, tramitándose a súa concesión por estrito orde de rexistro de entrada (data e hora) das solicitudes.

No caso de non presentar unha solicitude a documentación completa, considerarase como data de Rexistro de Entrada a data e hora da última presentación relativa á devandita solicitude.

Aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos esixidos, até esgotar o crédito inicial dispoñible da convocatoria, serán propostas para ser resoltas favorablemente:

-O órgano instrutor comprobará pola súa orde cronolóxica de presentación as solicitudes recibidas.

-A comisión de valoración emitirá informe concretando o resultado da mesma que, por conduto do órgano instrutor, someterase a aprobación do órgano concedente, que será a alcaldía mediante resolución.

Publicación:

Previamente a elaborar a proposta de concesión, publicaranse para os efectos de notificación na páxina Web municipal, a través do taboleiro anuncios electrónico do Concello, as seguintes listaxes:





a) Persoas solicitantes propostas como beneficiarias por presentar a súa solicitude, reunindo a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria antes de esgotarse o crédito inicialmente dispoñible destinado a atender estas axudas.

b) Persoas solicitantes que non cumpren os requisitos establecidos na convocatoria quedando a súa solicitude desestimada.

c) Persoas solicitantes que non achegaron a totalidade da documentación requirida na Base 7 con indicación da documentación requirida.

As persoas solicitantes referidas no punto a) e c) outorgaráselles o prazo de 5 días hábiles para que aleguen o que no seu dereito consideren oportuno, ou no seu caso, emenden a súa solicitude e presenten a documentación requirida.

Transcorrido o prazo establecido para alegar e emendar as solicitudes requiridas e adoptadas as medidas precisas, o órgano Instrutor elevará a proposta de acordo para que a someta a aprobación do órgano competente e procédanse á súa posterior publicación.

Base NOVENA.- Resolución, notificación e recursos

A concesión das subvencións será aprobada por resolución de Alcaldía trala formulación da proposta de concesión realizada pola comisión avaliadora tras a proposta dos instrutores.

As subvencións concedidas publicaranse para os efectos de notificación na páxina Web municipal, a través do taboleiro anuncios electrónico do Concello así como na BDNS de conformidade co disposto no art. 45 da Lei 39/2015.

O prazo máximo para resolver e notificar o acordo será de seis meses a contar a partir do día seguinte á finalización do prazo de presentación das solicitudes. A resolución de concesión poñerá fin á vía administrativa, para os efectos da interposición dos recursos administrativos que procedan realizarse de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Base DÉCIMA.- Obrigas das persoas e entidades beneficiarias

Son obrigas das persoas beneficiarias de axudas:

a) Manter a actividade empresarial durante 3 meses, como mínimo, a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de concesión da subvención.

b) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións a exercer pola Intervención xeral municipal.

c) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións, e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impediron, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.





d) Cumprir as restantes obrigas que detalla o artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións e no resto da normativa de subvencións.

e) No caso de que a persoa ou empresa beneficiaria se atope comprendida nos supostos do artigo 3.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá adaptarse ás obrigas de publicidade activa que lle resulten aplicables.

Base UNDÉCIMA.- Xustificación das axudas

O control das obrigas esixidas na Base undécima desta convocatoria efectuarase mediante a comprobación de oficio.

A persoa beneficiaria das axudas deberá presentar antes do 30 de novembro de 2020:

a) Certificado actualizado de Situación Censual que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e o local de desenvolvemento da actividade.

b) Resolución/ certificación do alta no Réxime correspondente da Seguridade Social ou Mutua profesional correspondente da persoa física ou da persoa administradora actualizado á data de presentación da xustificación.

c) Xustificantes de pagamento dos conceptos subvencionables por, como mínimo, o importe da axuda concedida.

Base DUODÉCIMA.- Pagamento da subvención

O pagamento destas subvencións realizarase nun pago único pola totalidade do importe concedido, mediante transferencia bancaria, a partir da data da resolución de concesión, sen que sexa necesaria a constitución de garantías.

No caso de incumprimento das obrigas, detalladas nesta convocatoria, o órgano xestor iniciará de oficio expediente administrativo que, previa audiencia á persoa interesada, propondrá a iniciación de procedemento de reintegro dos fondos, xunto coa liquidación dos xuros de mora correspondentes.

Base DÉCIMO TERCEIRA.- Reintegro das subvencións

O reintegro do importe percibido, cando cumpra, rexerase polo disposto no título II da LXS e polo título III do RLXS.

Xunto ás causas de invalidez da resolución de concesión, recollidas no artigo 36 da LXS, darán lugar á obriga de reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, así como a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde a data do pagamento da subvención ata que se acorde a procedencia do reintegro, os supostos previstos con carácter xeral no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

Se a persoa beneficiaria incumpre a obriga de manter a actividade empresarial durante os 3 meses establecidos nas Bases reguladoras procederá o reintegro do importe da subvención por este concepto.





Sen prexuízo de iniciar o procedemento de reintegro, en caso de incumprimento das obrigas establecidas con motivo da concesión de lle subvención, a persoa ou empresa beneficiaria poderán comunicar ao órgano xestor por rexistro de entrada este feito e efectuar a devolución voluntaria da cantidade percibida. Para iso, deberá poñerse en contacto co Órgano Xestor aos efectos dos trámites a seguir. Así mesmo, calcularanse os intereses de demora até o momento no que se produza a devolución efectiva pola súa parte

Base DÉCIMO CUARTA.- Recursos e impugnacións

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven da mesma poderán ser impugnados polos interesados nos términos establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

DISPOSICION ADICIONAL.- Hostalería

As persoas físicas ou xurídicas titulares de establecementos de hostalería e restauración, poderán ser beneficiario, ademais da axuda directa recollida nestas bases, da suspensión do cobro da taxa prevista na **ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS E CADEIRAS COA FINALIDADE LUCRATIVA (28-12-1998 BOP Nº 296)** que establece esa posibilidade sempre e cando cumpran as mesmas condicións recollidas nestas bases. Para evitar duplicidades en canto á achega de documentación, poderán solicitar a suspensión do cobro da taxa cubrindo o Anexo II desta convocatoria que se concederá atendendo aos mesmos criterios que aquí figuran.

Disposición final

A participación na convocatoria suporá a aceptación destas bases reguladoras.

Será de aplicación, en todo aquilo que non se regulase nestas bases, o disposto nas Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (BOE n.º 276, de 18 de novembro de 2003), na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (DOG» núm. 121, de 25 de xuño de 2007), no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (BOE n.º 176, de 25 de xullo de 2006) e demais normativa concordante e de pertinente aplicación.

O Alcalde

ANEXO I : SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDA A AUTÓNOMOS, PEMES E MICROPEMES PARA A PROTECCIÓN DO EMPREGO E DA ACTIVIDADE ECONÓMICA DO CONCELLO DE ARES NO MARCO DA CRISE SANITARIA DO COVID-19

1.- DATOS DO/DA SOLICITANTE

DNI/NIE:

Apelidos e nome:

Enderezo:

Teléfono:

Correo electrónico:





2.- DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS

Enderezo:

Teléfono:

Correo electrónico:

Autorizo a notificación electrónica como medio de notificación preferente

3.- DATOS DO ESTABLECEMENTO OU LOCAL

Actividade económica:

Epígrafe IAE:

Código CNAE:

Enderezo fiscal/actividade:

Autónomo Individual Autónomo Societario Autónomo Dependente

Forma xurídica: Sociedade Mercantil CB/SC Outras

Representante/DNI:

4.- AUTORIZACIÓNS

Si Non

1.- Para que solicite en calquera momento da tramitación da subvención certificación de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias Concello de Ares.

2.- Que aos efectos da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o representante legal asinante deste documento, así como calquera outra persoa cuxos datos se recollan no mesmo, autoriza ao Departamento de Facenda / Desenvolvemento Local, a incorporar estes, ou aqueles outros dos que tivera coñecemento como consecuencia da relación iniciada, a un ficheiro automatizado responsabilidade do Concello de Ares que ten por finalidade dar cumprimento as funcións a realizar dentro do proceso de trámite, xestión, concesión e pagamento encomendados pola Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e normativa de desenvolvemento, así como para a xestión doutros servizos ou programas de iniciativa municipal do seu posible interese. Ése, así mesmo, consciente de que o datos facilitados poden resultar obrigatorios para a xestión e tramitación do expediente, comprométese a comunicar no menor prazo de tempo posible ao Departamento de Facenda / Desenvolvemento Local, calquera variación dos datos manifestados co fin de poder proceder a súa actualización.

O Departamento de Facenda/ Desenvolvemento Local, en tanto non se comunique o contrario, entenderá que os datos proporcionados son exactos e actuais.

Por parte de representante legal asinante ou calquera outro interesado poderanse exercer os dereitos que lle asisten de acceso, rectificación, cancelación e oposición na forma legalmente prevista, remitindo comunicación ao Departamento de Facenda / Desenvolvemento Local.

Advertindo das responsabilidades legais que se derivan por falsidade en documentos administrativos e, en particular, a esixencia do reintegro da subvención máis os intereses de demora correspondentes, sen prexuízo da tramitación do correspondente expediente.

5.-A) DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA ACTIVIDADE OBRIGADA A PECHAR





-Que a actividade desenvolvida viuse afectada polo peche de establecementos disposto RD 465/2020 de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo ou, non sendo este o caso, que a actividade desenvolvida sufriu unha redución da facturación no mes anterior á solicitude desta subvención de polo menos o 75%, en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma, ou en caso de non levar de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, durante o período de alta.

-Que a actividade afectada polo peche do establecemento disposta polo estado de alarma non se viu compensada por un incremento da facturación mediante un incremento do volume de negocio online ou telefónico da persoa solicitante.

-Que a persoa solicitante reúne os requisitos para ser microempresa ou pequena empresa de conformidade co Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014.

-Que a persoa solicitante comprométese a declarar as axudas de minimis que lle foron concedidas por calquera proxecto durante o tres últimos exercicios fiscais, con indicación de importe, organismo, data de concesión e réxime de axudas en que se ampara, ou, no seu caso, declaración de non recibir ningunha; así como compromiso de comunicar o máis axiña posible as obtidas con posterioridade á presentación da solicitude.

-Que a persoa solicitante comprométese á comunicación de subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar o máis axiña posible as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da resolución da mesma.

-Que en caso de tratarse dunha comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica non se disolverá ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 de devandita lei.

Asinado : _____

5- B). DECLARACIÓN RESPONSABLE ACTIVIDADE NON OBRIGADA A PECHAR PERO CON DIMINUCIÓN DE MAÍS DUN 75 % NA SÚA FACTURACIÓN

Que, pese a que actividade desenvolvida non se viu afectada polo peche de establecementos segundo o disposto RD 463/2020 de 14 de marzo, só tiñan permitido atender situacións de urxencia ou de determinados colectivos, e que, debido a esta circunstancia, sufriu unha redución da súa facturación no mes anterior á solicitude desta subvención de polo menos o 75%, en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma.

-Que a actividade afectada polo peche do establecemento disposta polo estado de alarma non se viu compensada por un incremento da facturación mediante un incremento do volume de negocio online ou telefónico da persoa solicitante.





-Que a persoa solicitante reúne os requisitos para ser microempresa ou pequena empresa de conformidade co Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014.

-Que a persoa solicitante comprométese a declarar as axudas de minimis que lle foron concedidas por calquera proxecto durante o tres últimos exercicios fiscais, con indicación de importe, organismo, data de concesión e réxime de axudas en que se ampara, ou, no seu caso, declaración de non recibir ningunha; así como compromiso de comunicar o máis axiña posible as obtidas con posterioridade á presentación da solicitude.

-Que a persoa solicitante comprométese á comunicación de subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar o máis axiña posible as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da resolución da mesma.

-Que en caso de tratarse dunha comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica non se disolverá ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 de devandita lei.

Asdo : _____ -

6.- DOCUMENTACIÓN A APORTAR.

No caso de persoa física:

- DNI/NIE.
- Alta no Censo de Obrigados Tributarios e alta no Imposto de Actividades Económicas, no caso de non autorizar a súa comprobación.
- Resolución/certificación de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos, en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional correspondente.
- Licenza municipal de actividade.
- Certificación de non ter débedas coa AEAT
- Certificación de non ter débedas coa TGSS
- Certificación de non ter débedas coa ATRIGA
- Modelo de designación de conta bancaria ou certificación bancaria.

No caso de sociedade, comunidade de bens ou entidades:

- CIF da sociedade, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.
- Certificado actualizado de Situación Censal.
- Escritura/contrato de constitución.
- DNI/NIE e poder da persoa administradora.
- Resolución/certificación de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.
- Licenza municipal de actividade.
- Certificación de non ter débedas coa AEAT





- Certificación de non ter débedas coa TGSS
- Certificación de non ter débedas coa ATRIGA
- Modelo de designación de conta bancaria ou certificación bancaria.

ADEMÁIS no caso de actividades non obrigadas a pechar pero cunha redución de facturación superior ao 75%:

Información contable que a xustifique desde os 6 meses previos á declaración do estado de alarma (14 de marzo de 2020) até a data de presentación da solicitude de subvención:

i. Copia do libro de rexistro de facturas

ii. Ou libro diario de ingresos e gastos

iii. Ou libro rexistro de vendas e ingresos e libro de compras e gastos.

Cando a persoa física non este obrigada a levar os anteditos libros que acreditan o volume de actividade, deberán acreditar a redución polo menos do 75% esixida por calquera medio de proba admitido en dereito.

Cando a persoa física non leve de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade.

En Ares, a ____ de _____ do 2020

Asdo : _____

ANEXO II : SOLICITUDE DE SUSPENSION TAXA TERRAZAS (HOSTALERÍA)

1.- DATOS DO/DA SOLICITANTE

DNI/NIE:
Apelidos e nome:
Enderezo:
Teléfono:
Correo electrónico:

Como titular de establecemento de hostalería e restauración _____ con licenza de terraza concedida, **SOLICITO** a suspensión do cobro da taxa prevista na **ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS E CADEIRAS COA FINALIDADE LUCRATIVA (28-12-1998 BOP Nº 296)** que establece esa posibilidade sempre e cando cumpran as mesmas condicións recollidas nestas bases.

A estes efectos, **AUTORIZO** a incorporar e usar todos os datos e documentación aportados xunto co Anexo I ao expediente de suspensión derivada da miña solicitude.





Asdo _____

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que na comisión estábamos a dicir que se estaban a repartir fondos do estado e das comunidades e que de momento pasan dos concellos, onte repartíronse dezaseis mil millóns e dous mil millóns que fan ir para servizos sociais onde nós podíamos ter algún tipo de participación cargáronse de repente para educación que é de competencia autonómica co que dos dezaseis mil millóns non vemos nin un euro, iso non significa que non o vaimos a ver, iso significa que de momento non temos nada en consecuencia, esta liña de axudas vai con fondos propios e aínda encima seguen sen autorizar o uso do remanente só permiten usar o remanente para gastos directos vinculados ao virus, é dicir, compra de mascarallas, xel, hipoclorito, é dicir, desinfectantes é dicir, incluso para poder facer esta primeira liña de subvencións temos que facer un modificado de crédito ordinario que é o punto núm. 4, sacar de partidas propias para meter aquí porque nin o remanente nos autorizaron a usar entón ben, estanse a esquecer dos concellos moitísimo nesta crise, pero é a realidade. Nesa primeira liña que é cos fondos que temos de acordo co modificado que vai vir a continuación a idea de todos é axudar ao comercio e hostalería en Ares e nese sentido falamos dunha cota de autónomos que ao final vai ser algo máis, efectivamente tal e como están repartidas as axudas para sexan proporcionais aos días que estiveron pechados porque non é o mesmo pechar na fase cero e xa poder abrir na un, que ter un comercio que aínda ten que abrir hoxe, xa vimos aquí que a axuda mínima son 300€ aos que abriron na primeira fase con terraza, ou sexa que xa tiveron capacidade económica ata 450€ que son os que aínda van a abrir hoxe porque aínda non puideron abrir nada, en consecuencia se collen eses 40000€ e se distribúen de maneira proporcional, entón comercio e prestación de servizos pechados na fase 0 350€, aquí estarían as perruquerías que foron as primeiras en abrir, despois estarían academias e autoescolas que abriron na fase 2, pois 50€ máis porque estiveron dous semanas máis pechadas 400€, e logo os que van a abrir hoxe 8 de xuño 450€ que aquí case non hai, logo hostalería e restauración pechados na fase 0 350€, abertos na fase 1 xa con terraza, é dicir estes xa levan semanas con actividade económica pois 50€ menos, 300€, sen terraza 350€, e os que aínda abren hoxe que son os que máis tempo estiveron pechados 400€, en todo caso sempre é mais do que estábamos a falar, estábamos falando de 300€ ou 325€, e ao final o que estivo pechado menos tempo 300€ e o que máis recibe sería 400€ ou 450€ que son os que abrirían hoxe é dicir, os que se comeran a fase 0, 1, 2 e non poden abrir na fase 3, isto é un pouco axustado aos días de peche, hai queixas deste sector de que as axudas do estado e da xunta discriminan e que están cobrando o mesmo quen estivo pechado na fase 0 e o que non puido abrir na fase 3, o estado e as comunidades autónomas lle está dando o mesmo a quen estivo pechado e a quen estivo pechado o máximo tempo e en atención a esas queixas estamos intentando ser proporcional en función dos días de peche non, polo que os que tiveron máis tempo de peche reciben un pouco máis, xa dixemos que esta é unha primeira liña pero que estaremos pendentes dunha segunda liña de axudas e esperamos que a nós tamén nos axuden e recibamos algún fondo por parte do estado dos fondos europeos que nos toque algo, porque onte boa parte de eses dezaseis mil millóns era para compensar a caída de ingresos nas comunidades autónomas, e logo que se pensan que os concellos non imos ter caída fiscal, é un pouco forte que dos concellos ninguén fale, Zapatero na crise do 2008 foi do primeiro que falou e fixo ese famoso fondo que nos permitiu dinamizar obra pública, foi unha crise dura pero o primeiro que se pensou foi nos concellos., estes non se acordaron nin para as normas, nin para coordinarnos nin para nada, pero non imos a comparar o goberno de





Zapatero co de Pedro Sánchez, en calquera caso a realidade é esta e de momento non hai axudas entón esperemos que veñan en algún momento.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha intervención, dálle a palabra ao voceiro do PP.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que simplemente ratificarnos nas manifestacións que xa fixemos, os concellos somos o último eslabón da cadea que deberían de inxectar unha cantidade directa aos concellos, iso é fundamental e hai que dicilo onde hai que dicilo que se lembren sempre dos concellos porque somos os últimos e os que temos que resolver todos os problemas, eu son unha persoa municipalista 100% e queremos seguir loitando para que os concellos teñamos autonomía propia para poder facerlle fronte a todas estas cousas non soamente a isto, senón que si hai unha catástrofe dalgún temporal que os concellos teñan acceso directo por parte da administración do estado para poder responder aos veciños que somos os que estamos directamente con eles. Con respecto a posición do pleno, ímola a cambiar, imos a votar a favor o único que queríamos é esas dous cousas que dixen na segunda fase de axudas recollelas xa que pode haber algunha persoa dentro destas opcións que nos dixemos é simplemente dicir que imos a votar tanto este punto como o seguinte a favor.

Remata o Sr. José Manuel Cendán Fernández a súa intervención.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que quedamos emprazados a seguir falando de esa segunda liña de axudas, esta é exclusivamente con fondos propios municipais, estes cartos saen dos cartos que non se gastan e dunha negociación que houbo en Fenosa de contratos de subministres que implican tamén aforros nese ámbito, mentres non nos autoricen a usar o remanente temos que usar partidas orzamentarias, ninguén sabía que ía a pasar isto, insistimos que é unha pena que non teñamos nin unha previsión de axudas, os concellos a maior demanda é que nos deixen gastar o noso, imaxinares que o goberno de España di que os concellos poden gastar o remanente, corremos o risco de que nos contenten así, que digan gastar o remanente e listo, pero e as axudas, non imos a ter axudas dos cento corenta mil millóns dos cales setenta mil millóns son a fondo perdido que onte xa repartiron dezaseis mil millóns entre os máis ricos, entre comunidades autónomas ricas e os máis ricos como Cataluña aínda pedindo máis, e os concello o pasaron de largo estaban negociando isto, sabemos que están autorizando usar remanentes pero partidas a maiores aínda non sabemos que eu imaxino que viran porque sería unha loucura que non viñeran que a caída do gasto tamén vai a afectar as entidades locais, en consecuencia sometemos o punto a votación.

Sometida a votación a “Aprobación se procede das Bases Reguladoras e convocatoria da primeira liña de subvencións dirixida a autónomos, pemes e micropemes para a protección do emprego da actividade económica do Concello de Ares no marco da crise sanitaria do COVID-19” o Concello Pleno por unanimidade 11 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 2BNG, 3PP) acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm.4.- Aprobación se procede do expediente de modificación de créditos “transferencias de créditos”: altas e baixas de créditos entre partidas con diferente grupo de función.





Dáe conta da Aprobación se procede do expediente de modificación de créditos "transferencias de créditos": altas e baixas de créditos entre partidas con diferente grupo de función, que a continuación se transcribe;

INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SOBRE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS

Esta Intervención, en virtude das atribucións de control citadas e establecidas no artigo 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e desenvolvidas polo Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local; e en atención ás facultades recollidas no artigo 4.1.b).2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte

INFORME

PRIMEIRO.- Cando deba realizarse algún gasto que non poida demorarse até o exercicio seguinte e non exista crédito no Orzamento da Corporación, o Presidente da Corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de crédito extraordinario.

De conformidade co artigo 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e co Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, os créditos extraordinarios poderanse financiar con algún ou algúns dos seguintes recursos:

As modificacións orzamentarias son os cambios en contía, finalidade ou temporalidade dos créditos inicialmente aprobados nos orzamentos das entidades locais.

De conformidade co disposto no artigo 34 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, as modificacións de crédito que poderán ser realizadas nos orzamentos de gastos da Entidade e dos seus Organismos autónomos son os seguintes:

Créditos extraordinarios.

- Créditos extraordinarios.
- Suplementos de créditos.
- Ampliacións de créditos
- Transferencias de crédito.
- Xeración de créditos por ingresos.
- Incorporación de remanentes de crédito.





- Baixas por anulación

SEGUNDO.- A lexislación aplicable é a seguinte:

- artigo 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- artigo 37.2, apartados a) e b) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamento.
- Os artigos 169, 170, 172 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Os artigos 34 a 38 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I, do Título VIN, da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- Os artigos 3, 4, 11, 12, 13, 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- O artigo 16.2 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro.
- Regulamento (UE) Núm. 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC-10).
- O artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das entidades locais.
- A Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigación de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- O artigo 28.j) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- O artigo 4.1.b).2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter

TERCEIRO.- O expediente que se propón para a súa aprobación versa sobre unha modificación do Orzamento vixente mediante crédito extraordinario por un importe total de 40.000,00 euros.

CUARTO.- De conformidade co disposto no artigo 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e artigo 35 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, ante a existencia de gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, para os que non existe crédito no vixente Orzamento da Corporación, con data 1 de xuño incoouse por parte do Alcalde da entidade local expediente de modificación de créditos.

A Memoria de Alcaldía adxunta ao expediente, xustifica a necesidade da medida acreditando o carácter determinado do gasto a realizar, e a inexistencia de crédito destinado a esas finalidades específicas no estado de gastos.





Así as cousas, os gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte e, que cumpren cos requisitos esixidos no artigo 37.2 apartados a) e b) do Real Decreto 500/1990, de 2 de abril, son os seguintes:

A) AUMENTOS NAS APLICACIONES ORZAMENTARIAS:

| APLIC.ORZAM. ALTA | DENOMINACIÓN | | IMPORTE ALTA |
|----------------------|----------------------------------|--------------|------------------|
| 433.47900 | Outras subv. a empresas privadas | | 40.000,00 |
| | | TOTAL | 40.000,00 |

B) DISMINUCION NAS APLICACIONES ORZAMENTARIAS:

| APLIC.ORZAM. BAIXA | DENOMINACIÓN | CRÉDITO DISPON. | IMPORTE ALTA |
|-----------------------|------------------------------------------|--------------------|------------------|
| 161.22100 | Saneam. Abast. Auga. Enerxía eléctrica | | 2.800,00 |
| 165.22100 | Alumado público. Enerxía eléctrica | | 10.000,00 |
| 334.48000 | Prom. Cultural. A fam. Sin animo de luc. | | 11.900,00 |
| 334.22699 | Prom. Cultural. Activ. culturais | | 7.700,00 |
| 341.48000 | Prom. E fomento deporte. A fam. | | 600,00 |
| 341.22609 | Prom. E fomento deporte. Act. Cultur. | | 5.000,00 |
| 912.22601 | Org. Governó. Aten. Protocolar. | | 2.000,00 |
| | | TOTAL | 40.000,00 |

QUINTO.- Que a modificación orzamentaria, está estruturada e adaptada ao previsto na Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro de 2008, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Tal e como queda reflectido, a aplicación orzamentaria definiuse, polo menos, pola conxunción das clasificacións por programas e económica, a nivel de grupos de programas e concepto, respectivamente.

Así mesmo e de conformidade co disposto nas bases de execución do Orzamento, nos créditos do estado de gastos e respecto da Clasificación por Programas, o nivel de vinculación xurídica é, como mínimo, a nivel de Área de Gasto, e respecto da Clasificación económica é, como





mínimo, o de Capítulo, cumprindo o previsto no artigo 23 do Real Decreto 500/1990 para os niveis de vinculación.

SIXTO.- Así mesmo e, de conformidade coa normativa vixente en materia orzamentaria, o orzamento está sometido a unhas regras básicas que determinan o seu contido, ámbito temporal así como determinados aspectos do mesmo, os chamados principios orzamentarios.

Tal e como se desprende deste informe así como da documentación que obra en expediente, entre os citados principios, que se cumpren na súa totalidade, cabería destacar os seguintes:

O principio de universalidade, pois o orzamento debe recoller a totalidade dos ingresos e dos gastos da entidade.

O principio de orzamento bruto na súa vertente contable do principio de universalidade, pois as aplicacións orzamentarias aparecen polo seu valor bruto, sen minoracións.

O principio de unidade orzamentaria pois toda a actividade da entidade queda recollida nun único estado de ingresos e gastos.

O principio de anualidade, pois o orzamento se refire ao ano natural.

O principio de equilibrio orzamentario, pois os gastos orzamentarios financian aos ingresos públicos, sen existir déficit inicial.

O principio de Desafectación, pois os ingresos se destinan a financiar a totalidade dos gastos, sen que, en xeral, vincúlense determinados gastos a determinados ingresos, salvo no caso de ingresos específicos afectados a fins determinados.

SÉTIMO.- O órgano competente para a súa aprobación é o Pleno da Corporación, segundo os artigos 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, e 177.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sen que sexa exigible un quórum especial.

OITAVO.- De acordo co artigo 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, son de aplicación aos expedientes de concesión de crédito extraordinario as normas sobre información, reclamación e publicidade dos Orzamentos a que se refire o artigo 169 desta Lei.

Por tanto, a aprobación inicial deses expedientes exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións conforme ao disposto no artigo 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Así mesmo, definitivamente aprobado, será inserido no *Boletín Oficial da Corporación*, se o tivese, e, resumido por capítulos, no da Provincia

NOVENO. Á súa vez débese ter en conta que, segundo o artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, antes do último día do mes seguinte á finalización de cada trimestre do ano débese





remitir a información actualizada dos orzamentos en execución, incorporadas as modificacións orzamentarias xa tramitadas e/ou as previstas tramitar até final de ano, e das previsións de ingresos e gastos das entidades suxeitas ao Plan xeral de Contabilidade de Empresas ou ás súas adaptacións sectoriais, e os seus estados complementarios.

DÉCIMO. O procedemento a seguir será o seguinte:

Ante a existencia de gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte para os que non existe crédito no vixente Orzamento da, instouse mediante providencia de Alcaldía a iniciación dun expediente de modificación de créditos baixo a modalidade de crédito extraordinario, con cargo a anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións.

Así mesmo, de conformidade cos artigos 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 4.1.b).2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emitírase informe polo órgano Interventor.

Posteriormente, elaborárase Informe sobre Avaliación de Regras Fiscais de conformidade coa Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira que establece entre os seus obxectivos garantir a estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira de todas as Administracións Públicas. Por iso a aprobación, modificación e liquidación dos Orzamentos das Entidades Locais deben realizarse baixo o cumprimento das chamadas tres regras fiscais: a estabilidade orzamentaria, a regra do gasto e a débeda pública :

Cúmplese coas regras de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e débeda pública ao tratarse de transferencia de créditos con altas e baixas entre partidas de diferentes grupos de función.

A tenor do artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, serán de aplicación as mesmas normas sobre información, reclamacións e publicidade previstas no artigo 169 do citado texto legal, para a aprobación dos Orzamentos.

Por tanto, aprobado inicialmente o expediente polo Pleno da Corporación, exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentasen alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada, en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Se houberse alegacións presentadas a Comisión Informativa de Facenda emitirá ditame que se someterá á aprobación definitiva por parte do pleno.

Aprobado definitivamente polo Pleno do Concello, o expediente será inserido no Boletín Oficial da Corporación, se o tivese, e, resumido por capítulos, no da Provincia.

UNDÉCIMO. Contra a súa aprobación, en virtude do disposto no artigo 171 Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de





marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Sen prexuízo diso, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

DUODÉCIMO. De acordo co establecido no artigo 177.6 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os Acordos das Entidades Locais que teñan por obxecto créditos extraordinarios en casos de calamidades públicas ou de natureza análoga de excepcional interese xeral, serán inmediatamente executivos, sen prexuízo das reclamacións que contra os mesmos promovésense, as cales deberán sustanciarse dentro dos oito días seguintes á presentación; entenderanse desestimadas de non notificarse a súa resolución ao recorrente dentro de devandito prazo.

Sendo o resultado deo control permanente previo do expediente

Favorable

Ares, a un de xuño de 2020

O Secretario-Interventor

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que o punto núm.. 4 é de onde saen estes cartos, saen de partidas onde se preveu que efectivamente non se vai a gastar, entón ben, en enerxía eléctrica temos unha caída previsible no gasto de entorno 10000€, alumeadado público 10000€ que se traen para aquí, de bombeos 2800€ nos invernos que chove pouco consúmese menos enerxía eléctrica porque as bombas non bombean, e en alumeadado público metemos leds en toda a estrada de Chanteiro, estrada de Franza etc... e isto leva aparelado un aforro entón ese aforro o metemos aquí, logo en cultura, non hai festas nin actividades porque non se puideron facer, aí hai uns 20000€ e en deporte hai uns 6000€ que tampouco se poden facer e logo dos 6000€ que ten o goberno que nunca se gastan sempre están aí para algunha recepción ou para algún xantar, son 6000€ e sacamos 2000€ de aí, o total é 40000€ pero xa digo isto é con fondos propios nunha primeira liña, a idea é facer unha segunda liña con todo o que veña a maiores co remanente que deixen gastar e facer unha segunda liña estes son retais a subvención colleunos así é en consecuencia foron altas e baixas que se foron dando.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha intervención, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dando o bo día a todos/as e manifestando que o sentido do voto xa foi sinalado pola compañeira na comisión de facenda que é de abstención, é de abstención porque si é certo que acabamos de aprobar unhas medidas que é necesario poñer enriba da mesa pero non é menos certo que a consecuencia destas partidas está moi vinculada cos orzamentos, cuns orzamentos que nós nos votamos a favor e estimamos que igual podería haber outra partida de onde sacalos entón, ante a non seguridade de que esas sexan as partidas acaídas para poñerlle cartos as medidas aprobadas, o noso voto en coherencia vai ser a abstención.





Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

Sometida a votación a “Aprobación se procede do expediente de modificación de créditos “transferencias de créditos”: altas e baixas de créditos entre partidas con diferente grupo de función” o Concello Pleno por 9 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 3PP, 1 NAL), e 2 abstención (2BNG) acorda prestar a súa aprobación.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que quedan aprobadas a liña de axudas con cargo a estar partidas ademais de non cobrar terrazas e de non cobrar o 25€ do recibo do lixo, isto vai a supoñer unha caída de ingresos e hai obras moi urxentes que imos ter que seguir pelexando por elas que non podemos deixar de facer, hai uns cartos que vanse nesta primeira liña que ben ou mal van a ser 60000€ ou 70000€ porque entre 12 ou 15 terrazas que non se cobran máis 10 ou 15 que non se van a cobrar de lixo, máis 40000€ que vanse a inverter aquí pois iso, os coxos máis coxos e os cegos máis cegos, logo todo o gasto de servizos sociais e de servizos que é o dobre, tivemos que comprar un montón de material, sobre todo macarallas, hipoclorito e guantes e houbo un momento en que era caro todo efectivamente estamos enfasiados, o plan de axuste remata no 2022 e estamos no 2020 e o concello de Ares debe cero, en dous anos a débeda de Ares é cero, cando chegamos a Alcaldía debíanse dous millóns, cando pasamos a crise do 2011 subimos a débeda a catro millóns seiscientos case cinco co plan de pago a provedores, agora estamos nun millón e pouquiño porque xa estamos a pagar capital, os intereses xa están todos satisfeitos, en dous anos a débeda do concello de Ares ía a ser cero con dous crises a do ladrillo e a do COVID-19 e isto vains a obrigar a reorganizarnos o tema, os adianto a nivel informativo que non estamos dispostos a ir a esa situación, en canto podemos imos facer unha operación de crédito, todos os concello as fan, e loxicamente ter débeda cero non sirve para nada si tes necesidades sen cubrir en consecuencia un concello como Ares e moi normal que deba dous millóns é moi normal, non é normal deber catro como cando debíamos ca crise do ladrillo, pero deber dous si, todos os concellos están entorno a un 20% de débeda e nós chegamos a ter 110% o goberno de España vai chegar efectivamente a crise do ladrillo, debía o 107% do orzamento anual e nos chegamos a deber efectivamente o 110%, agora estamos no 20% a nosa idea é en canto puídemos ir a unha operación de crédito para culminar dunha vez o tema do auga, o tema do auga esixe abastecementos novos e depósitos novos e iso hai que pagalo coa Deputación e Augas de Galicia e con este panorama está claro que é moi difícil facelo con fondos propios porque vains a caer, loxicamente este ano para unha primeira liña de axudas son 70000€ e unha segunda liña xa son outros 70000€ máis a caída de ingresos que imos a ter que poden ser uns 300000€ ou 400000€, no momento en que temos un compromiso con Augas de Galicia e coa Deputación de facer unha obra de un millón e pico de euros de onde imos a sacar a contribución municipal de esa obra, temos que ir a unha operación de crédito e volveremos a unha débeda de dous millóns, porque o obxectivo de ter débeda cero no 2022 é imposible, acabouse foi a tomar polo saco con isto, os planes que tiñamos era chegar a débeda cero e facer un esforzo con fondos propios pero agora é imposible, polo que efectivamente iremos a unha operación de crédito que non fixemos ningunha dende o 2008, 2009 levamos once anos sen pedir préstamo a ninguén entón adianto que posiblemente teremos que ir a unha operación de crédito para resolver o problema do auga que por certo este ano a xente non vai a viaxar tanto e vaise a quedar máis por aquí, todas as vivendas estanse alugando e temos un problema gordo en verán, en verán hai pisos





altos cada vez menos non, Seselle, Os Castro, todo Caamouco ata os Castros está arranxado hai non queda ninguén sen auga cando fai dous anos eran os primeiros que quedaban sen auga, entón ata os Castros e na Avda. Paz, Ramón Pimentel, Celso Emilio Ferreiro, Papellas e Porto xa non queda ninguén sen auga, pero nalgúns pisos altos da Rúa Salazón, Real, Anxos, a veces teñen problemas de presión entón, xa temos arranxadas as zoas máis altas do pobo e por suposto os Castros que é unha zoa moi complexa, iso resolvese con cartos e como non o imos a ter porque en atención a isto nos van a caer os ingresos fixo teremos que ir a unha operación de crédito que non nos debe escandalizar porque levamos anos sen ningunha e seria deber o que xa se debía cando este goberno chegou a Alcaldía debemos millón e pico pois pedir ata os dous millóns, pedir seiscentos ou setecentos mil e punto e en vez de estar a cero no 2022, estar a cero no 2026 ou no 2027, pero xa digo que isto nos trastoca un ano de inversións negociados ca Xunta e ca Deputación, cando a aportación municipal tería que ser xenerosa tiñamos obras previstas en 600000€ que se están executando o cal é impresionante que se este executando, nestes momentos estanse executando 400000€ en obras do auga iso o conseguimos pero ca crise quedamos sen aportación municipal a Augas de Galicia e a Deputación a obra máis grande que calculamos que pode chegar aos 400000€ que vai a ser anual entón, 200000€ este ano e 200000€ o ano que ven que efectivamente vai chegar aos 400000€ que ía a ser anual pero os 200000€ deste ano e os do ano que ven voaron con esta situación voaron e esta si que é aportación municipal, iso non o pon nin a Xunta nin a Deputación esa é a nosa aportación a obra dun millón e pico entón de paso que pedimos o préstamo para iso pois xa pedimos demais para outras fases, que non son tan urxentes pero deixaría o sistema de abastecemento libre como pode ser o Porto, non teñen problemas de presión pero teñen tubarias de fai cen anos, son tubarias de fibrocemento, o caudal está reducido que no pasa nada, pero unha vez que levantamos rúas xa arranxamos todo, xa deixamos o abastecemento de auga listo, simplemente iso, informaros de que esa é a situación posiblemente de pechar unha operación de crédito para cumprir compromisos que se nos escapan nesta crise, que nos chegan cartos do estado, ao mellor poderíamos facelo, ou a Deputación fai unha operación con cargo ao remanente pois ao mellor, pero de momento non nada de iso.

O Sr. Alcalde pregunta si alguén quere intervir, non hai intervencións.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e trinta minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente

Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor

